

PARO EN COMERCIAL

A CIG ten convocado un paro de dúas horas en Residencial de A Coruña para o día 29 de xuño. Esta convocatoria coincide con outras convocatorias feitas en Barcelona, Bilbao e Guipúscoa. Os motivos da convocatoria son os consensuados por todos no Comité de A Coruña.

A pesares de que fomos capaces de elaborar unha táboa reivindicativa común (para o que a CIG tivo que renunciar a incluír algún dos seus puntos) e de que coincidiram todos en avaliar como insuficiente a resposta e o compromiso da empresa, non foi posible que o Comité fose quen convocase esta folga como sucede nas localidades anteriores. Aquí CC.OO. e UGT estiveron en contra no Pleno extraordinario celebrado a proposta da CIG o día 18/6/07. A nosa proposta foi apoiada por STC, CGT e AST.

Ante este panorama a CIG tomou a decisión de facer a convocatoria de paro en A Coruña.

A situación de presión que viven os ASC de Residencial é causa de continuas baixas médicas e está deteriorando a saúde de moitas e moitos dos traballadores destes centros.

O cadro de persoal de Telefónica debe entender que este non é un problema “doutros” compañeiros senón que é un problema de todos. As medidas que aplica a empresa hoxe nun departamento pode aplicalas mañá no teu. Sensibilízate e pensa que a forza dos traballadores sempre estivo na unidade e na solidariedade.

A Coruña, 28 de xuño de 2007.